

FILOCAFÉ

Do 1 de outubro de 2017 ao 3 de xuño de 2018

Horario: de 18:30 a 20:00 h

Entrada libre e gratuíta

Un ano máis, o primeiro domingo de cada mes ás 18:30 h, desde outubro ata xuño (agás no mes de xaneiro), o CGAC organiza un filocafé na súa cafetería. Este ano a Asociación Galega da Crítica unirase aos filocafés no CGAC.

Os filocafés son conversas públicas enfocadas desde un punto de vista filosófico nas que poden participar todas as persoas interesadas en intercambiar inquietudes ou puntos de vista desde calquera área ou nivel de coñecemento.

As sesións estarán dirixidas por profesionais de diversas disciplinas como Quico Cadaval (dramaturgo, actor, monologuista), Arturo Casas (poeta e profesor de Teoría da Literatura e Literatura comparada), Beatriz Busto Miramontes (antropóloga, etnomusicóloga), Inma López Silva (escritora e profesora da Escola Superior de Arte Dramática), Javier María López Rodríguez (musicólogo, compositor, músico e profesor), Eduard Velasco (libreiro, filólogo, tradutor e poeta) e Xosé Manuel Buxán Bran (crítico de arte, comisario e profesor na Facultade de Belas Artes de Pontevedra).

Unha vez ao mes, retiraremos unha obra de arte da Colección CGAC dos nosos almacéns para que nos acompañe e propicie un debate ao seu redor.

A peza elixida empregarase como punto de partida para a conversa; pero non imos falar de arte, ou non só de arte, senón de calquera cuestión que suxira a obra a nivel temático, conceptual, formal ou anecdótico. Poderase falar de ciencia, gastronomía, política, música, filosofía, cine, estética, actualidade..., cousas mundanas ou elevadas, de xeito que todas as persoas que o desexen poidan opinar e achegar as súas reflexións sobre os temas que vaian xurdindo de xeito espontáneo mentres gozan dun café.

PROGRAMA

1 de outubro. Quico Cadaval

3 de decembro. Arturo Casas

4 de febreiro. Beatriz Busto Miramontes

4 de marzo. Inmaculada López Silva



Fotograma de *Pulp Fiction* de Quentin Tarantino

Un año más, el primer domingo de cada mes a las 18:30 h, desde octubre hasta junio (excepto en el mes de enero), el CGAC organiza un filocafé en su cafetería. Este año la Asociación Galega da Crítica se unirá a los filocafés en el CGAC.

Los filocafés son conversaciones públicas enfocadas desde un punto de vista filosófico en las que pueden participar todas las personas interesadas en intercambiar inquietudes o puntos de vista desde cualquier área o nivel de conocimiento.

Las sesiones estarán dirigidas por profesionales de diversas disciplinas como Quico Cadaval (dramaturgo, actor, monologuista), Arturo Casas (poeta y profesor de Teoría de la Literatura y Literatura comparada), Beatriz Busto Miramontes (antropóloga, etnomusicóloga), Inma López Silva (escritora y profesora de la Escuela Superior de Arte Dramático), Javier María López Rodríguez (musicólogo, compositor, músico y profesor), Eduard Velasco (librero, filólogo, traductor y poeta) y Xosé Manuel Buxán Bran (crítico de arte, comisario y profesor en la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra).

Una vez al mes, retiraremos una obra de arte de la Colección CGAC de nuestros almacenes para que nos acompañe y propicie un debate a su alrededor.

La pieza elegida se empleará como punto de partida para la conversación; pero no vamos a hablar de arte, o no solo de arte, sino de cualquier cuestión que sugiera la obra a nivel temático, conceptual, formal o anecdótico. Se podrá hablar de ciencia, gastronomía, política, música, filosofía, cine, estética, actualidade..., cosas mundanas o elevadas, de suerte que todas las personas que lo deseen puedan opinar y aportar sus reflexiones acerca de los temas que vayan surgiendo de manera espontánea mientras disfrutan de un café.

PROGRAMA

1 de octubre. Quico Cadaval

3 de diciembre. Arturo Casas

4 de febrero. Beatriz Busto Miramontes

4 de marzo. Inmaculada López Silva

8 de abril. Javier María López Rodríguez
6 de maio. Eduard del Castillo Velasco
3 de xuño. Xosé Manuel Buxán Bran

QUICO CADAVAL naceu no ano 4 a.m.M.M. (antes da morte de Marilyn Monroe) na ría de Arousa, onde deus apoiou o dedo corazón no seu día de descanso, o sétimo. Criouse nunha taberna na que soubo da orixe da vida e da procedencia dos agasallos de Reis antes do prazo indicado polas pedagogías. Frecuentou vellas que mexaban de pé e xuraban en calquera postura e tamén a escola dun mestre de guedellas leoninas, entusiasta da literatura barroca e do castigo físico, que curtiu a súa personalidade artística. Prevaricou e procrastinou na súa época universitaria con períodos de consumo inmoderado de cánnabis e bebidas fermentadas, o que provocou o escándalo entre os seus influentes amigos *junkies*. Meteuno no lameiro do teatro un amigo que preferiu unha multinacional dos seguros. Aquí debía comezar unha longa nómina de amigas e de amigos, que son o seu tesouro, mais o espazo límitanos. E o tempo. Acabou escribindo teatro e agora anda polo mundo a contar uns contos para os que lle fixo falta todo o anterior.

ARTURO CASAS (A Coruña, 1958)

É profesor de Teoría da Literatura e Literatura comparada na USC, acreditado como catedrático en 2013. Ocupouse como investigador da obra de Rafael Dieste e outros pensadores e escritores do exilio republicano, o pensamento estético-literario moderno e posmoderno, os estudos sistémicos e sociolóxicos sobre cultura, a metodoloxía da historia literaria, o ensaio na modernidade e a poesía contemporánea. Entre as súas publicacións cóntanse edicións da poesía de Uxío Novoneyra (2010) e Salvador García-Bodaño (2017), así como os volumes *Performing Poetry: Body, Place and Rhythm in the Poetry Performance* (2011) e *Resistance and Emancipation: Cultural and Poetic Practices* (2011), dos que foi coeditor, e *La Historia literaria comparada en sus alternativas teóricas* (no prelo). Foi o primeiro director do Centro de Investigación de Procesos e Prácticas Culturais Emerxentes, constituído na USC por oito grupos de investigación. Co Grupo Alea de Análise Poética e o Consello da Cultura Galega activou en 2011 a base de datos e repositorio dixital poesiagalega.org, da que é editor. Éo así mesmo, desde 2016, de *Poetry in the Public Space*.

BEATRIZ BUSTO MIRAMONTES (Santiago de Compostela, 1979)

É doutora en Antropoloxía social e cultural, mestra en Educación musical pola Universidade de Vigo e licenciada en Historia e Ciencias da Música e Antropoloxía social e cultural pola Universidade Autónoma de Madrid. Obtivo o título de doutora coa tese “La Galicia proyectada por NO-DO. La arquitectura del estereotipo musical a partir del uso del folclore musical 1943-1981”, pola que mereceu a máxima cualificación. O seu percorrido investigador céntrase na construción cultural de Galicia e da súa representación na imaxe cinematográfica de NO-DO a partir do uso do folclore durante a ditadura franquista desde as

8 de abril. Javier María López Rodríguez
6 de mayo. Eduard del Castillo Velasco
3 de junio. Xosé Manuel Buxán Bran

QUICO CADAVAL nació en el año 4a.m.M.M. (antes de la muerte de Marilyn Monroe) en la ría de Arousa, donde dios apoyó el dedo corazón en su día de descanso, el séptimo. Se crió en una taberna en la que supo del origen de la vida y del origen de los regalos de Reyes antes del plazo indicado por las pedagogías. Frecuentó a viejas que meaban de pie y juraban en cualquier postura y también la escuela de un maestro de melenas leoninas, entusiasta de la literatura barroca y del castigo físico, que curtió su personalidad artística. Prevaricó y procrastinó en su época universitaria con períodos de consumo inmoderado de cannabis y bebidas fermentadas, lo que provocó el escándalo entre sus influyentes amigos *junkies*. Lo metió en el barrizal del teatro un amigo que prefirió una multinacional de los seguros. Aquí debía comenzar una larga nómina de amigas y de amigos, que son su tesoro, pero el espacio nos limita. Y el tiempo. Acabó escribiendo teatro y ahora anda por el mundo contando unos cuentos para los que le ha hecho falta todo el anterior.

ARTURO CASAS (A Coruña, 1958)

Es profesor de Teoría de la Literatura y Literatura comparada en la USC, acreditado como catedrático en 2013. Se ocupó como investigador de la obra de Rafael Dieste y otros pensadores y escritores del exilio republicano, el pensamiento estético-literario moderno y posmoderno, los estudios sistémicos y sociológicos sobre cultura, la metodología de la historia literaria, el ensayo en la modernidad y la poesía contemporánea. Entre sus publicaciones se cuentan ediciones de la poesía de Uxío Novoneyra (2010) y Salvador García-Bodaño (2017), así como los volúmenes *Performing Poetry: Body, Place and Rhythm in the Poetry Performance* (2011) y *Resistance and Emancipation: Cultural and Poetic Practices* (2011), de los que fue coeditor, y *La historia literaria comparada en sus alternativas teóricas* (en imprenta). Fue el primer director del Centro de Investigación de Procesos y Prácticas Culturales Emergentes, constituído en la USC por ocho grupos de investigación. Con el Grupo Alea de Análisis Poético y el Consello da Cultura Galega activó en 2011 la base de datos y repositorio digital poesiagalega.org, de la que es editor. Lo es asimismo, desde 2016, de *Poetry in the Public Space*.

BEATRIZ BUSTO MIRAMONTES (Santiago de Compostela, 1979)

Es doctora en Antropología social y cultural, maestra en Educación musical por la Universidad de Vigo y licenciada en Historia y Ciencias de la Música y Antropología social y cultural por la Universidad Autónoma de Madrid. Obtuvo el título de doctora con la tesis “La Galicia proyectada por NO-DO. La arquitectura del estereotipo musical a partir del uso del folclore musical 1943-1981”, por la que mereció la máxima calificación. Su recorrido investigador se centra en la construcción cultural de Galicia y de su representación en la imagen cinematográfica de NO-DO a partir del uso del folclore durante la dictadura franquista desde las perspectivas

perspectivas teóricas da etnomusicoloxía. Exerce a súa actividade docente como especialista da área de Música no colexio Divino Maestro nas etapas de infantil, primaria e secundaria e na Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela, onde centra o seu traballo na educación musical de alumnos de 3 a 5 anos e na área de Etnomusicoloxía para alumnos adultos.

INMACULADA LÓPEZ SILVA (Santiago de Compostela, 1978)

É escritora e crítica teatral, doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago e diplomada polo Institut d'Études Théâtrales da Université Paris III – Sorbonne Nouvelle. Actualmente é profesora na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e membro da Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega. Figura nos consellos de redacción das revistas *Grial* e *Revista Galega de Teatro* e noutras publicacións relacionadas cos estudos teatrais no ámbito internacional. Centrada na análise da política e institucións teatrais e nos sistemas teatrais emerxentes publicou libros como *Resistir no escenario. Unha historia institucional do teatro galego* (2015). Tamén é tradutora ao galego da obra dramática de Albert Camus e Jean Genet. Columnista no xornal *La Voz de Galicia*, acadou o recoñecemento do público e da crítica e recibiu numerosos premios con novelas como *Non quero ser Doris Day* (2006) e *Memoria de cidades sen luz* (2008). Ademais escribiu o libro de viaxes *New York, New York* (2007) e o diario-ensaio feminista *Maternosofía* (2014). En 2016 publicou a que ata agora é a súa última novela, *Aqueles días en que eramos malas*.

JAVIER MARÍA LÓPEZ RODRÍGUEZ (Lugo, 1969)

É musicólogo, compositor, músico e profesor. Integrante de agrupacións relacionadas coa improvisación como O.M.E.GA ou TDC, foi alumno de composición de José Luis de Delás, e as súas obras foron estreadas por formacións como a Real Filharmonía de Galicia, Taller Atlántico Contemporáneo ou Grupo Instrumental Siglo XX. Ademais de compor músicas para diferentes obras escénicas participou en festivais internacionais como Temp'ora ou Mixtur, publicou *Breve Historia de la Música* (Nowtilus, 2011) e *Del colapso tonal al arte sonoro* (Punto de Vista), así como diferentes artigos sobre pedagogía musical e musicoloxía en revistas como *Música y Educación* ou *Anatomía de la Historia*. Impartiu cursos, relatorios e concertos didácticos. Conta con galardóns como o segundo premio de composición do concurso convocado polo Gruppo Europeo Ricerca Musicale Indipendente, e foi finalista da novena edición do concurso internacional de composición Città di Udine e do Counterpoint-Italy's en 2014. É profesor titular das especialidades de Historia da Música en conservatorio e de Música en ensino secundario, aínda que o máis lle preocupa realmente é que en Galicia cada vez hai menos nenos e nenas.

EDUARD VELASCO (Barcelona, 1982)

É licenciado en Filoloxía catalá e Filoloxía galega. Foi profesor de catalán en Barcelona, Menorca, Santiago de Compostela e

teóricas de la etnomusicología. Ejerce su actividad docente como especialista del área de Música en el colegio Divino Maestro en las etapas de infantil, primaria y secundaria y en la Escuela Municipal de Música de Santiago de Compostela, donde su trabajo se centra en la educación musical de alumnos de 3 a 5 años y en el área de Etnomusicología para alumnos adultos.

INMACULADA LÓPEZ SILVA (Santiago de Compostela, 1978)

Es escritora y crítica teatral, doctora en Filología por la Universidad de Santiago y diplomada por el Institut d'Études Théâtrales de la Université Paris III – Sorbonne Nouvelle. Actualmente es profesora en la Escuela Superior de Arte Dramático de Galicia y miembro de la Sección de Música y Artes Escénicas del Consello da Cultura Galega. Figura en los consejos de redacción de las revistas *Grial* y *Revista Gallega de Teatro* y en otras publicaciones relacionadas con los estudios teatrales en el ámbito internacional. Centrada en el análisis de la política e instituciones teatrales y en los sistemas teatrales emergentes publicó libros como *Resistir no escenario. Unha historia institucional do teatro galego* (2015). También es traductora al gallego de la obra dramática de Albert Camus y Jean Genet. Columnista en el periódico *La Voz de Galicia*, alcanzó el reconocimiento del público y de la crítica y recibió numerosos premios con novelas como *Non quero ser Doris Day* (2006) y *Memoria de cidades sen luz* (2008). Además escribió el libro de viajes *New York, New York* (2007) y el diario-ensayo feminista *Maternosofía* (2014). En 2016 publicó la que hasta ahora es su última novela, *Aqueles días en que eramos malas*.

JAVIER MARÍA LÓPEZ RODRÍGUEZ (Lugo, 1969)

Es musicólogo, compositor, músico y profesor. Integrante de agrupaciones relacionadas con la improvisación como O.M.E.GA ou TDC, fue alumno de composición de José Luis de Delás, y sus obras han sido estrenadas por formaciones como la Real Filarmonía de Galicia, Taller Atlántico Contemporáneo o Grupo Instrumental Siglo XX. Además componer músicas para diferentes obras escénicas ha participado en festivales internacionales como Temp'ora o Mixtur, publicó *Breve Historia de la Música* (Nowtilus, 2011) y *Del colapso tonal al arte sonoro* (Punto de Vista), así como diferentes artículos sobre pedagogía musical y musicología en revistas como *Música y Educación* o *Anatomía de la Historia*. Ha impartido cursos, ponencias y conciertos didácticos. Cuenta con galardones como el segundo premio de composición del concurso convocado por el Gruppo Europeo Ricerca Musicale Indipendente, y fue finalista de la novena edición del concurso internacional de composición Città di Udine y del Counterpoint-Italy's en 2014. Es profesor titular de las especialidades de Historia de la Música en conservatorio y de Música en enseñanza secundaria, aunque lo que más le preocupa realmente es que en Galicia hay cada vez menos niños y niñas.

EDUARD VELASCO (Barcelona, 1982)

Es licenciado en Filología catalana y Filología gallega. Fue profesor de catalán en Barcelona, Menorca, Santiago de

Lisboa. Publicou artigos de divulgación sobre cultura catalá en Galicia e sobre cultura galega nos Países Cataláns. Traduciu literatura entre as dúas linguas: ao galego, as novelas *Pa negre* (*Pan negro*, FVR), de Emili Teixidor; *Els sots feréstecs* (*As valgadas bravas*, Hugin e Munin), de Raimon Casellas; e *Paraules d'Opòton el Vell* (*Palabras de Opoton o Vello*), de Avel·lí Artís Gener; ao catalán, tres pezas de Vicente Risco: os relatos *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*, *Os europeos en Abrantes* e mais a novela *O porco de pé* (*El porc dempeus*). Ten publicados dous poemarios en Espiral Maior: *Ruído de trens* (Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé) e *O filósofo coxo* (Premio de Poesía Xosé María Díaz Castro). Desde xuño de 2016 é codirector, xunto a Alicia Fernández, da librería especializada en poesía Chan da Pólvora, na rúa de San Pedro de Santiago de Compostela.

XOSÉ M. BUXÁN BRAN (Eibar, Guipúzcoa, 1964)

Doutorouse en Belas Artes pola Universidade do País Vasco cunha tese titulada "Homoerotismo en la iconografía de San Sebastián Mártir: una visión desde el presente", conta cun percorrido investigador e científico intimamente ligado ás conexións entre arte e cultura *queer*, identidade sexual, xénero, feminismo e masculinidades, con varios volumes publicados ao respecto e un vasto número de artigos e ensaios editados en numerosas obras colectivas.

Como curador e xestor de espazos expositivos, dirixiu primeiro a Sala X, Sala de Exposicións do Campus de Pontevedra e logo a Sala Alterarte do Campus de Ourense, onde programa na actualidade o proxecto *Estado Crítico 3: 10 comisari*s, 10 artistas*.

Foi crítico de arte en diversos medios de comunicación, e froito desta actividade publicou un primeiro volume recopilatorio dos seus traballos xornalísticos titulado *Desprazamentos: a viaxe como unha das Belas Artes* (Difusora de Letras, Artes e Ideas, 2014). O seu último libro publicado, *Bellos y desconocidos* (Laertes, 2015), aborda a temática da fotografía atopada.

COORDINACIÓN: Virginia Villar

Compostela y Lisboa. Publicó artículos de divulgación sobre cultura catalana en Galicia y sobre cultura gallega en los Países Catalanes. Ha traducido textos literarios entre ambas lenguas: al gallego, las novelas *Pa negre* (*Pan negro*, FVR), de Emili Teixidor; *Els sots feréstecs* (*As valgadas bravas*, Hugin e Munin), de Raimon Casellas; y *Paraules d'Opòton el Vell* (*Palabras de Opoton o Vello*), de Avel·lí Artís Gener; al catalán, tres piezas de Vicente Risco: los relatos *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*, *Os europeos en Abrantes* y la novela *O porco de pé* (*El porc dempeus*). Tiene publicados dos poemarios en Espiral Maior: *Ruído de trens* (Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé) y *O filósofo coxo* (Premio de Poesía Xosé María Díaz Castro). Desde junio de 2016 es codirector, junto a Alicia Fernández, de la librería especializada en poesía Chan da Pólvora, en la Rúa de San Pedro de Santiago de Compostela.

XOSÉ M. BUXÁN BRAN (Eibar, Guipúzcoa, 1964)

Se doctoró en Bellas Artes por la Universidad del País Vasco con una tesis titulada "Homoerotismo en la iconografía de San Sebastián Mártir: una visión desde el presente", cuenta con un recorrido investigador y científico íntimamente ligado a las conexiones entre arte y cultura *queer*, identidad sexual, género, feminismo y masculinidades, con varios volúmenes publicados al respecto y un vasto número de artículos y ensayos editados en numerosas obras colectivas.

Como comisario y gestor de espacios expositivos, dirigió primero la Sala X, Sala de Exposiciones del Campus de Pontevedra y luego la Sala Alterarte del Campus de Ourense, donde programa en la actualidad el proyecto *Estado Crítico 3: 10 comisari*s, 10 artistas*.

Ha sido crítico de arte en diversos medios de comunicación, y fruto de esta actividad publicó un primer volumen compilatorio de sus trabajos periodísticos titulado *Desprazamentos: a viaxe como unha das Belas Artes* (Difusora de Letras, Artes e Ideas, 2014). Su último libro publicado, *Bellos y desconocidos* (Laertes, 2015), aborda la temática de la fotografía encontrada.

COORDINACIÓN: Virginia Villar



DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 631/02 / cgac.educacion@xunta.gal

www.cgac.xunta.gal

www.facebook.com/CGACSantiago

twitter @cgac_santiago

